



Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as Asociacións Inserta Empleo e Ilunion Empleo para a posta en marcha do programa “Eu son DGAN” en pro da inserción laboral dos deportistas de alto nivel con e sen discapacidade.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coas Asociacións Inserta Empleo e Ilunion Empleo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21 de novembro ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración deportiva entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as Asociacións Inserta Empleo e Ilunion Empleo, co fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, segundo se establece no artigo 34, *Deportistas galegos de alto nivel*, apartado 2.1, “A administración autonómica establecerá as formas de apoio para estes deportistas galegos, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





Facilitar o desenvolvemento profesional e a integración laboral dos deportistas galegos de alto nivel e alto rendemento con e sen discapacidade durante e unha vez finalizada a súa traxectoria no ámbito deportivo

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a quince de decembro de 2017

